<ul style="list-style-type: none"> - Crenzas, actitudes e emocións. - Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas. - Tratamento do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas. - Traballo en equipo e toma de decisións. - Recoñecemento e aceptación de diversas formulacións na resolución de problemas, transformando os enfoques dos demais en novas e melloradas estratexias propias, mostrando empatía e respecto no proceso. - Técnicas e estratexias de traballo en equipo para a resolución de problemas e tarefas matemáticas, en grupos heteroxéneos. - Inclusión, respecto e diversidade. - Destrezas para desenvolver unha comunicación efectiva: a escoita activa, a formulación de preguntas ou a solicitude e prestación de axuda cando sexa necesario. - Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance das ciencias sociais. - Comunicación e organización. - Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados. - Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor. - Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e das ciencias sociais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe son a base nas que se asenta a metodoloxía a seguir nesta proposta didáctica para que sexa activa e participativa. Utilizaránse distintas metodoloxías buscando a acción educativa máis axeitada en función do momento e contidos a tratar, e que ademais sirvan para atender os distintos ritmos de aprendizaxe. Tamén se intentará que a organización da aula sexa o máis axeitada para o desenvolvemento do traballo en equipo, sempre en coordinación co resto do profesorado.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Busca dunha aprendizaxe significativa: por distintos medios obteremos información das ideas previas que posúe o alumnado, para que partindo deste coñecementos, cada alumno poida enriquecer, modificar e reorganizar os seus esquemas cognitivos.

Busca dunha aprendizaxe funcional: é moi importante que o alumnado coñeza a utilidade dos contidos tratados. Para conseguilo, introduciranse os contidos a partir de situacións problemáticas que as/os mesmas/os alumnas/os aplicarán os coñecementos adquiridos á resolución de problemas.

Fomentarse a reflexión persoal sobre o proceso de aprendizaxe, de xeito que o alumnado poida valorar o seu progreso e corrixir os erros cometidos.

Promoverase a colaboración entre o alumnado, para que así sexan conscientes das vantaxes de intercambiar información, unir esforzos e do apoio mutuo.

MÉTODOS DE ENSEÑANZA

Os principios dos que falamos anteriormente sérvenos de base para o proceso de ensino, pero non describe de maneira precisa e concreta como ensinar, de que forma organizar a aula e ao alumnado, que métodos poñer en práctica... A continuación pasamos a detallar máis este aspecto presentando diferentes métodos para o ensino dos contidos propostos nesta programación didáctica.

A clase invertida: nalgunhas partes da materia xa coñecidas propoñeráselles ás/aos alumnas/os que revisen na casa certos conceptos básicos e utilizarase a aula para resolver dúbidas e practicar eses conceptos.

Métodos expositivos: fronte á mera transmisión de contidos (lección maxistral) buscarase a interacción co alumnado (lección comunicativa), buscando que se impliquen mediante intervencións espontáneas (ou provocadas pola persoa docente) de forma ordenada.

Métodos demostrativos: a diferenza deste tipo de métodos con respecto aos métodos expositivos radica en que a información se centra na explicación de exemplos prácticos que serven de modelo para a resolución de tarefas posteriores. En xeral, nas sesións introductorias dos diferentes contidos combinaránse métodos expositivos e métodos demostrativos.

Método tutorial: a idea deste método é que o alumnado traballe de forma individual e acuda ao profesorado en busca de apoio e axuda para que o guíe. As diferentes formas de comunicación a través de internet, utilizando por exemplo a aula virtual do centro, facilita a interacción continua co alumnado. Deste xeito, pode achegar as súas dúbidas ao profesor e o profesor pode transmitir diferentes tarefas de reforzo e ampliación aos contidos traballados na aula.

Método interrogativo: as preguntas son a forma de aprendizaxe a través da cal se trata de implicar ao alumnado. Pode haber preguntas introductorias que nos guíen no desenvolvemento dun contido ou preguntas concretas que aparezan nas diferentes situacións problemáticas propostas do tipo: Que ocorre se cambiamos estas condicións nun problema determinado? As preguntas son a guía da aprendizaxe e ir respondéndoas lévanos a traballar os contidos e a acadar os obxectivos da materia.

TIPOS DE ACTIVIDADES

As actividades son os medios nos que toman forma os principios metodolóxicos nos que se basea esta proposta didáctica e concretan os métodos didácticos. Temos varios tipos de actividades e tarefas, en función do momento no que se levan a cabo e da intención educativa que teñan.

Actividades iniciais

A súa finalidade é coñecer as ideas previas do alumnado e ser unha motivación de cara a aprendizaxe dos contidos que se van desenvolver a continuación.

Actividades de desenvolvemento

Son as tarefas que serven para traballar os novos contidos. Deben ser inicialmente máis estruturadas e guiadas para adquirir a base que permita realizar máis adiante actividades menos estruturadas e menos pautadas.

Actividades de reforzo e ampliación

Ante a realidade da existencia de diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades do alumnado faise necesario propoñer actividades de reforzo para traballar os contidos básicos e ademais débense propoñer actividades de ampliación para propoñer contidos relacionados coa unidade pero non pensados para todo o alumnado.

Actividades de avaliación

Calquera actividade pode ser avaliada aínda así, poden programarse actividades que especificamente teñan esa función avaliadora. Son, por tanto, actividades nas que se tratan os contidos e os criterios de avaliación que se queren valorar.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntes de teoría para determinados contidos e libro-consulta da materia, dispoñibles na aula virtual
Fichas de actividades de consolidación, reforzo e ampliación
Materiais manipulativos (para o traballo da xeometría, por exemplo)
Dotación da aula (encerado dixital, pupitres, encerado,...)
Aula de informática (para uso puntual)

O desenvolvemento das clases terá lugar fundamentalmente nunha aula convenientemente equipada con encerado dixital e encerado tradicional no que o alumnado disporá de pupitres individuais que facilitarán a mobilidade para a realización de traballos en equipo.

Ademais tamén se poderá utilizar, de forma puntual, a aula de informática, para o desenvolvementos de actividades concretas na que haberá ordenadores nos que se instalará o software libre necesario para o desenvolvemento das tarefas relacionadas coa materia e na que se utilizarán tamén aplicacións web.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial lévase a cabo ao comezo do curso e ao comezo de cada unidade. A súa función é coñecer o lugar de partida dos diferentes contidos a tratar no desenvolvemento deste curso e de cada unidade. Esta avaliación inicial pódese desenvolver de diferentes maneiras (a través dunha proba escrita, dunha tarefa desenvolta na aula ou do traballo realizado en unidades previas). Será o punto de partida para o tratamento dos contidos e para prever a necesidade de adaptacións ou a programación de actividades de reforzo ou ampliación, se fose necesario.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	7	15	12	12	12	9	10	15	100
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100	100	0	85
Táboa de indicadores	0	0	0	0	0	0	0	0	100	15

Criterios de cualificación:

En cada avaliación, sempre que sexa posible, realizárase un mínimo de dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación.

En cada unha incluíranse exercicios, problemas e cuestións de carácter teórico da unidade ou bloque de unidades tratadas, sempre que sexan do mesmo bloque de contidos podendo ter máis peso os segundos exames (segundo o criterio do profesor).

En todos os exames figurará a puntuación de cada pregunta ou exercicio e no seu defecto valorarase a cada unha por igual.

Despois de ditas probas, o profesor mostrará as correccións nun tempo prudente desde a súa realización.

As actividades de avaliación serán similares ás que se realizaron durante a aprendizaxe.

Aquel alumno/a que non acuda a unha destas probas escritas terá dereito a facela noutro momento desa avaliación sempre e cando presente ao profesor da materia a xustificación oportuna desa falta (de carácter xurídico, médico). Mentres iso non ocorra non se realizará dito exame e a nota do mesmo será un cero.

En canto a corrección concreta de cada unha das preguntas, valoraranse fundamentalmente os coñecementos prácticos:

- Aínda que a resposta a unha pregunta non sexa a correcta, outorgaráselle unha valoración parcial en consideración co grao de consecución correcto acadado, se é que procede.

- Se nalgunha resposta se detecta un erro grave de base, impropio do nivel correspondente, a valoración da resposta pode ser nula.

- No desenvolvemento das respostas, teranse en conta os seguintes aspectos:

- A coherencia ordenada e razoada da exposición de resposta.

- A claridade da exposición.

- A utilización dunha adecuada terminoloxía e notación matemática.

- A facilidade e precisión na realización do cálculo.

- Se no desenvolvemento dunha resposta, por un erro nos cálculos, o alumno ou alumna obtén unha solución absurda, valorarase positivamente que faga constar o absurdo de tal resultado.

- A ausencia de explicación na solución dun problema repercute negativamente na súa valoración, podendo ter unha puntuación nula se só aporta a solución numérica dun problema ou cuestión sen ningún razoamento que xustifique a obtención do resultado.

- Cando sexa posible, é recomendable ilustrar a resolución de problemas con representacións gráficas, posto que se valorará a corrección e detalle

das mesmas, o emprego de unidades e o mantemento aproximado das proporcións.

- Nos exames esíxese limpeza e claridade.

O 85% da nota da avaliación estará conformado pola media aritmética ou ponderada das probas escritas. O 15% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes á unidade 9 que estarán asociados a rúbricas e listas de cotexo cos que se avaliarán:

- Os traballos propostos (individuais ou cooperativos) realizados na aula e/ou na casa -

- As actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan, se é o caso

- A observación de traballo diario na aula .

Esta porcentaxe de valoración do 85%, debido á natureza da materia, consideramos que é fundamental para garantir que a valoración do grado de adquisición dos contidos sexa o máis obxetiva posible , xa que por exemplo coa entrega de exercicios feitos na casa non teriamos asegurado que non foron copiados doutras fontes. Por outra parte algún alumnado disporía de axudas externas e mentres que outro non, o que acentuaría a brecha socioeconómica entre o alumnado.

Así mesmo, o feito de excluírmos probas orais débese a que, dada a natureza da nosa materia, resulta tedioso e complicado para o alumnado expresar a resolución de exercicios de forma oral, aínda que si ten en conta na observación do traballo diario coa participación na clase.

Considerarase a avaliación aprobada se a media é igual ou superior a 5.

A nota final do curso obterase como a media aritmética das notas das tres avaliacións sempre que éstas estean aprobadas. En caso de ter unha media superior ou igual a 5 e ter unha soa das avaliacións suspensa considerarase aprobado. No caso de ter máis de unha avaliación suspensa considerarase o curso non superado na avaliación ordinaria.

Criterios de recuperación:

Cada alumna/o que non supere unha avaliación terá a oportunidade de recuperala ao inicio da seguinte avaliación a través dunha proba escrita baseada nos mínimos de aceptación das unidades didácticas traballadas en dita avaliación (salvo a terceira avaliación, que por falta de datas, xa irá integrada dentro do exame de recuperación final antes da avaliación ordinaria do curso). A nota do exame suporá o 85% da nota final da recuperación, sendo o 15% restante, o correspondente de dita avaliación aos contidos avaliados da unidade 9, coincidendo neste caso coa puntuación que xa tiña na avaliación antes da recuperación. Unha nota igual ou superior a 5 puntos significará que esa avaliación estará superada.

Ao remate da 3ª avaliación haberá unha proba de recuperación conxunta das 3 avaliacións na que cada alumno/a terá a posibilidade de recuperar as avaliacións que teña suspensas.

O alumnado que non superase o curso na avaliación ordinaria deberá realizar unha proba escrita na convocatoria extraordinaria cos contidos traballados ao longo do curso que terá un valor do 100% da nota. Considerarase aprobado o curso se a nota é igual ou superior a 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que teña a materia pendente dos cursos anteriores será obxecto dun seguimento mediante actividades propostas para entregar en dúas partes cos seus prazos correspondentes, e coas que se traballará a materia de cara a preparación das dúas probas escritas: unha a mediados de febreiro e outra en maio. Ésta última proba terá un carácter de proba final para todo aquel alumnado que non superara o primeiro parcial en febreiro, é dicir que iría cas dúas partes por non ter superada a primeira. A nota final será a media das dúas notas obtidas en sendas probas escritas.

Por outra banda, todos aqueles alumnos que aprobaran as dúas primeiras avaliacións da materia que cursen actualmente(é dicir, curso inmediatamente superior ao da materia pendente), quedan exentos de se ter que presentar á proba final, quedando aprobada a materia pendente cunha nota de 5. Aquel alumnado que quixera aspirar a unha nota superior, tería que presentarse a ditos exames.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

No caso do departamento de matemáticas nos pode afectar nas seguintes materias:

- Cambio de itinerario (dentro da modalidade de Humanidades e CCSS) de Humanidades a CCSS.
O alumnado cursará obrigatoriamente a materia de Matemáticas Aplicadas ás CCSS I correspondente o bloque de materias troncais (esta materia tratarase de forma análoga ás pendentes)
- Cambio de modalidade de Humanidades e CCSS a Ciencias.

Si o alumno/a procede do itinerario de Humanidades cursará obrigatoriamente a materia de Matemáticas I correspondente o bloque de materias troncais (esta materia tratarase de forma análoga ás pendentes)

Si o alumno/a procede do itinerario de CCSS, e ten suspensa a materia de Mat Aplic ás CCSS I, cursará obrigatoriamente a materia de Matemáticas I correspondente o bloque de materias troncais (esta materia tratarase de forma análoga ás pendentes).

En caso de ter aprobada a materia de Mat Aplic ás CCSS I, o plan de traballo individualizado, centraráse fundamentalmente nos contidos e estándares de aprendizaxe da materia de Matemáticas I non presentes en Mat Aplic ás CCSS I. Os Instrumentos de avaliación decidiranse nunha reunión de departamento ó inicio do curso, e poderan ser probas escritas ou cadernos de exercicios

- Cambio de modalidade de Ciencias a Humanidades e CCSS (itinerario de CCSS).

Si o alumno/a ten suspensa a materia de Matemáticas I, cursará obrigatoriamente a materia de Mat. Aplic ás CCSS I correspondente o bloque de materias troncais.

En caso de ter aprobada a materia de Matemáticas I, o plan de traballo individualizado, centraráse fundamentalmente nos contidos e estándares de aprendizaxe da materia de Mat. Aplic ás CCSS I non presentes en Matemáticas I. Os Instrumentos de avaliación decidiranse nunha reunión de departamento ó inicio do curso, e poderan ser probas escritas ou cadernos de exercicios

A lexislación que fundamenta os cambios de modalidade é a seguinte:

RESOLUCIÓN do 29 de maio de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2019/20, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Art. 24.2.

Ao finalizar o segundo curso de bacharelato, o alumnado deberá ter cursadas e superadas todas as materias xerais do bloque de materias troncais de cada un dos cursos da modalidade (ou itinerario na modalidade de Humanidades e

Ciencias Sociais) pola cal remata; catro materias de opción do bloque de materias troncais, das cales polo menos tres deben ser da modalidade pola cal remata e dúas serán de segundo curso; a materia de Educación Física; a materia de libre configuración de Lingua Galega e Literatura e un mínimo de catro do bloque de materias específicas, das cales dúas serán de primeiro e dúas de segundo.

Art 24.4 g)

Nos casos en que, por motivo da organización do centro, o alumnado de segundo curso non poida asistir ás clases das materias de primeiro que deba cursar como consecuencia do cambio de modalidade, estas materias trataranse de forma análoga ás pendentes, e os departamentos didácticos que as imparten proporán ao alumnado un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos esixibles e das actividades recomendadas e programarán probas parciais para verificar a superación desas materias.

Art. 25

1. O alumnado poderá cursar en segundo materias condicionadas á superación das correspondentes materias do primeiro curso non cursadas en primeiro. Neste caso o alumnado, deberá acreditar os coñecementos da correspondente materia do 1º curso.

Esta acreditación poderase realizar:

a) Cursando e superando a correspondente materia de primeiro.

b) O alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumno ou a alumna reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo.

En calquera caso, a decisión de que o alumnado reúne as condicións para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo curso, deberá adoptarse segundo criterios obxectivos e avaliábeles, de maneira que sexa posible acreditar tal condición. O departamento didáctico correspondente poderá realizar unha proba.

A data límite para a realización desta acreditación será antes do inicio das actividades lectivas. Desta circunstancia deixarase constancia mediante unha dilixencia no historial académico, no expediente académico e, de ser o caso, por medio de observación no informe persoal por traslado.

Esta materia de primeiro curso non computará en ningún caso como materia exixible para reunir as condicións necesarias para poder presentarse á avaliación final da etapa.

2. No caso de cursar simultaneamente as materias de primeiro e de segundo, a materia de primeiro non será computable para os efectos de modificar as condicións en que o alumno promocionou ao segundo curso.

Cando, por motivo da organización do centro, o alumnado de segundo curso non poida asistir á clase da materia de primeiro, esta materia tratarase de forma análoga ás pendentes e o departamento didáctico que a imparte proporalle un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos exixibles e das actividades recomendadas, e programará probas parciais para verificar a superación desa materia.

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como son as seguintes: as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural. Isto dará lugar á utilización de diversos mecanismos de apoio e reforzo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X
ET.7 - A creatividade	X
ET.8 - Educación para a saúde	X
ET.9 - A formación estética	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación nas Olimpíadas matemáticas	Proporase ao alumnado de bacharelato a participación na Fase Autonómica Galega da Olimpiada Matemática Española organizada pola USC.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes
Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado. Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos por parte do alumnado.
Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe de maneira efectiva
Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación son eficaces
Ofrecemento ao alumnado de forma rápida do resultado das probas
Facilitación a cada alumna/o a axuda individualizada que precisa
Atención adecuada á diversidade do alumnado
Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familias
Implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación
Comunicación apropiada coa familia por parte de profesorado

Descrición:

Ademais da avaliación das aprendizaxes do alumnado tal e como nos indica o decreto 157/2022 no seu artigo 24.4 (CAPÍTULO IV) hai que avaliar os "procesos de ensino" e a "propia práctica docente", para o que se establecerán "indicadores de logro". Estes indicadores de logro establecidos valoraranse en catro niveis do xeito que segue: excelente/conseguido/mellorable/non acadado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento de revisión e avaliación da programación didáctica será realizada polas persoas docentes implicadas no desenvolvemento da materia deste curso. Analizaranse fundamentalmente a adecuación da secuenciación e da temporalización e o logro dos mínimos de consecución establecidos para os diferentes criterios de avaliación.

9. Outros apartados